INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

## ADXUDICACIÓN EN DEREITO DE SUPERFICIE

A adxudicación en dereito de superficie permite ao adxudicatario construír as súas instalacións produtivas e desenvolver o seu proxecto de negocio sen necesidade de adquirir o solo e pagando un canon anual moi reducido.

As condicións para a adxudicación en dereito de superficie son as seguintes:

As empresas que opten á adxudicación de dereito de solo deberán obter a declaración de **proxecto singular**. Enténdese por proxectos empresariais singulares aqueles que xustifiquen a importancia da súa actividade ou localización para a política económica ou as especiais necesidades de solo da empresa pola actividade desenvolta, e así o declare o órgano competente.

No prazo máximo de tres anos, os adxudicatarios deberán ter edificadas as súas instalacións e obtida a licenza de actividade
O prazo de vixencia do dereito de superficie será de trinta anos, prorrogables ata un máximo total de sesenta anos por acordo entre as partes.

Durante os dez primeiros anos da concesión, os adxudicatarios poderán exercitar o dereito de compra das parcelas, aplicándose o prezo non bonificado das mesmas e descontando parte do pagado en concepto de canon.

O canon a pagar será o seguinte:

- 1 ano de carencia, se se solicita (O canon correspondente prorratearase nos cinco anos seguintes).
- 1,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos
- 2,5% do prezo de venda da parcela nos dous seguintes anos
- 3,5% do prezo de venda da parcela no resto do período de vixencia da concesión.

O canon actualizarase a partir do primeiro ano conforme ao IPC.

**Información: XESTUR Telf. 981 151464-ext. 04 www.xesturgalicia.com**

# SOLO EMPRESARIAL EN GALICIA

XUNTA DE GALICIA



A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo e a empresa pública Xestur ofrece solo empresarial ás empresas que desexen asentarse en Galicia ou ampliar as instalacións xa existentes, así como ás que desexen trasladar as súas instalacións actuais a espazos especialmente concibidos para a actividade empresarial.

Sobre os prezos do solo dispoñible aplícanse bonificacións do 30 ou 50 por cento, segundo os parques

O solo pódese adxudicar de dúas maneiras:

1.- En compravenda

2.- En dereito de superficie.

## ADXUDICACIÓN EN COMPRAVENDA

A adxudicación en compravenda con prezo bonificado obriga ao adquirente a:

Construír as súas instalacións e obter a licenza de actividade no prazo máximo de tres anos a contar dende a sinatura do contrato.

Pago ao contado da parcela.

*(Continúa na última páxina)*

| Actuación | Superficie total dispoñible (m²) | DEREITO DE SUPERFICIE<br>Canon anual mínimo<br>€/m²/ano<br>* | VENDA<br>Prezo metro bonificado<br>€ |
|---|---|---|---|
| As Somozas | 68.600,00 | 0,32 | 8,90 a 10,57 |
| Bértoa (Carballo) | 238.720,00 | 0,92 | 30,56-42,35 |
| Culleredo | 4.700,00 | - | 6 |
| Melide | 4.680,00 | - | 35,62 |
| Pontedeume | 1.139,00 | - | 20,4 |
| A Sionlla | 433.717,50 | 1,73 | 80,50-145,60 |
| Arteixo (Morás) | 375.497,00 | 1,50 | 70-130,90 |
| Cedeira | 38.677,00 | 1,03 | 34,17 a 37,50 |
| Ortigueira | 54.883,00 | 0,81 | 27 a 30 |
| Boiro | 2.831,00 | 1,22 | 56,7 |
| Negreira | 18.666,00 | 1,04 | 48,30 a 52,50 |
| Melide | 10.971,00 | 0,90 | 42 |
| Arzua | 5.083,00 | 0,90 | 42 |
| Santa Comba | 1.910,00 | 0,78 | 36,4 |
| Sigüeiro | 3.279,00 | 1,05 | 49 |
| Ordes | 8.945,00 | 0,62 | 20,5 |
| **TOTAL CORUÑA** | **1.271.159,50** | | |
| Bóveda 2ª fase | 4.643,00 | 0,30 | 9,42 a 11,71 |
| Lourenzá 2ª fase | 10.356,00 | 0,67 | 21,37 a 22,33 |
| Monterroso | 47.242,00 | 0,52 | 17,20 a 18 |
| Palas de Rei | 927,63 | - | 19,46 |
| Porto Seco de Monforte | 35.444,00 | 0,78 | 25,50 a 36 |
| Xermade 2ª fase | 11.126,00 | 0,38 | 10,13 a 12,75 |
| Barreiros | 9.000,00 | 0,77 | 25,5 |
| Cervo | 28.330,70 | 0,60 | 20 a 26,50 |

| Actuación | Superficie total dispoñible (m²) | DEREITO DE SUPERFICIE<br>Canon anual mínimo<br>€/m²/ano<br>* | VENDA<br>Prezo metro bonificado<br>€ |
|---|---|---|---|
| Guitiriz | 4.834,00 | 0,68 | 22,5 |
| Foz | 6.120,00 | 0,83 | 27,62 a 28,66 |
| Cospeito | 2.704,00 | 0,38 | 12,5 |
| Lugo (Gándaras) | 144.483,00 | 1,43 | 47,5 a 60 |
| Viveiro | 44.502,00 | 1,05 | 35 a 40 |
| **TOTAL LUGO** | **349.712,33** | | |
| Barco de Valdeorras | 56.364,00 | 0,84 | 28 |
| Carballiño 1º fase | 6.959,79 | - | 15,63 a 17,00 |
| Carballiño 2º fase | 23.972,08 | 0,94 | 31,3 |
| Celanova | 3.274,00 | - | 14,63 |
| Pazos fase 2.1 | 35.617,98 | 0,99 | 33 |
| Ribadavia Pol 1 | 674,27 | 0,65 | 21,66 |
| Ribadavia Pol 2 | 1.880,32 | - | 30,4 |
| Vilamarín | 20.220,00 | 0,99 | 33,12 a 43,75 |
| Pereiro de Aguiar | 24.047,00 | 1,20 | 40 |
| San Cibrao das Viñas C.T. | 81.735,00 | 0,83 | 25,50 a 38,25 |
| **TOTAL OURENSE** | **254.744,44** | | |
| Lalín 2000 1ª fase | 2.193,00 | - | 42 |
| Ponte Caldelas (C.T.) | 40.816,44 | 0,97 | 45,36 a 45,50 |
| Silleda | 13.007,00 | 1,25 | 44 a 61,60 |
| Arbo 2ª fase | 18.007,00 | 0,90 | 30 a 35 |
| A Veigadaña (Mos) | 161.034,00 | 2,12 | 98,72 a 113,40 |
| Reigosa (Ponte Caldelas) | 143.547,97 | 1,18 | 55,28 a 70 |
| Lalín | 8.555,00 | 1,35 | 63 a 70 |
| **TOTAL PONTEVEDRA** | **387.160,41** | | |

* O adxudicatario pode solicitar un primeiro ano de carencia. Nese caso, o canon dese ano (1,5%) prorratearase nos cinco seguintes. O importe do canon actualízase conforme ao IPC a partir do primeiro ano.